

Os pais e nais somos responsables da educación dos fillos e fillas. Por iso, a LOE recolle na disposición derradeira primeira os dereitos e deberes das familias na educación dos nenos e nenas.

Dereitos dos pais e nais

- Recibir unha educación coa máxima garantía de calidade.
- Escoller centro docente.
- Recibir formación relixiosa e moral acorde coas súas conviccións.
- Estar informados sobre os progresos dos fillos e fillas.
- Participar no proceso de ensino e aprendizaxe das fillas e fillos.
- Participar na organización, funcionamento, goberno e avaliación do centro.
- Ser oídos nas decisións que afecten á orientación dos fillos.



Deberes de nais e pais

- Adoptar as medidas necesarias para que os fillos e fillas cursen o ensino obrigatorio e asistan regularmente á clase.
- Proporcionar os recursos e condicións necesarias para o progreso escolar.
- Estimular ós fillos para que fagan as actividades de estudo que se lles encomenden.
- Participar activamente nas actividades que organice o centro.
- Coñecer, participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos nenos, en colaboración co profesorado.
- Respetar e facer respetar as normas establecidas polo centro, a autoridade e as indicacións educativas do profesorado.
- Fomentar o respecto por todos os compoñentes da comunidade educativa.

PARA SABER MÁIS

- Varios (2007): Familia e escola. Encontros versus desencontros, Concello de Sanxenxo - USC- Fundación Preescolar na Casa
- Programa Preescolar na Casa na TVG, 527, Marzo 2007

Edición 2009



Fundación
Preescolar na Casa
Espazos Educativos

Garaballa de Arriba, 9 · 27003 · Lugo · Tel. 982 216 001 · Fax 982 202 781
correo@preescolarnacasa.org · www.preescolarnacasa.org

Familia e escola Compartindo responsabilidades



Familia e escola Compartindo responsabilidades



A entrada dos nenos e nenas na escola implica que a familia, ata o momento principal educadora, pasa a compartir este papel coa escola. Alí os nenos e nenas van pasar moitas horas.

Por iso, familia e escola podemos e debemos axudarnos e fortalecernos: trátase de sumar forzas, de que exista unha continuidade entre o fogar e a escola. Necesitamos falar de como queremos educar ás nosas nenas e nenos.

A implicación e colaboración da familia co centro educativo recóllese na Lei Orgánica de Educación cando establece: “As familias haberán de colaborar estreitamente e deberán comprometerse co traballo cotiá dos seus fillos e coa vida dos centros docentes.”

Esta colaboración co centro pode ser:

- Individualizada: a través do diálogo cos profesores para compartir o modelo educativo, comentar preocupacións, saber como se desenvolve o neno no centro, como podemos axudar na casa,...
- Colexiada: participando nas Asociacións de Nais e Pais e no Consello Escolar.

Para facilitar a participación e entender mellor o funcionamento dos centros pode axudarnos coñecer algúns termos cos que nos imos atopar:

- LOE: Lei Orgánica de Educación que rexe o sistema educativo.
- Etapas educativas: o sistema educativo organízase en varias etapas:
 - Educación Infantil (0-6 anos). Non é obrigatoria. No período 3-6 tódolos nenos e nenas teñen dereito a unha praza nun centro.
 - Educación Primaria: 6-12 anos
 - Educación Secundaria Obligatoria (ESO): 12-16 anos
 - Educación Secundaria Postobrigatoria: Formación profesional, Bacharelato, Ensinanzas de Artes Plásticas e Ensinanzas deportivas.
- Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA): poden existir unha ou varias en cada centro. A que ten máis socios ten un representante no Consello Escolar. Nos seus estatutos recóllense as súas funcións (seguimento do funcionamento do comedor e transporte, organización de actividades para nenos e pais, propostas de mellora,...)

- Consello Escolar: órgano colexiado de goberno do centro. Entre outras funcións, ten que aprobar o proxecto educativo de centro. Nel están representados todos os membros da comunidade educativa: pais e nais, profesorado, persoal de administración e concello.
- Proxecto Educativo: documento que recolle o ideario do centro (valores, obxectivos e prioridades de actuación). Ten carácter público, polo que pode solicitarse para o seu coñecemento.
- Regulamento de Réxime Interno (RRI): documento que recolle as normas básicas de relación e convivencia no centro, dereitos e deberes dos alumnos,...
- Optativas: en Infantil e Primaria, a materia opcional é Relixión. No momento de facer a matrícula, a familia decide se quere que o fillo ou filla a curse ou non. Os que non a reciban estarán co tutor que decidirá as actividades a desenvolver.
- Horario de tutorías: horario establecido formalmente para falar co tutor ou tutora.
- Servizo de orientación educativa: ten a función de colaborar coa familia e os mestres para promover a mellor educación das nenas e nenos.